



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Práctica Tributaria

Materia	Práctica Tributaria			
Código	P04M110V01203			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Muleiro Parada, Luís Miguel			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Castro-Rial Abad, Manuel Muleiro Parada, Luís Miguel			
Correo-e	lmuleiro@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral Esta materia conforma, xunto con Práctica Administrativa, o Módulo Administrativo do Máster en Avogacía.

Ten por obxecto proporcionar as competencias necesarias para resolver correctamente os problemas xurídico-tributarios que se lle expoñan ao profesional da avogacía. En concreto, o alumnado deberá adquirir os coñecementos prácticos imprescindibles para a acertada aplicación dos tributos, a revisión de actos administrativos en materia tributaria e a competencia xurisdiccional nos actos tributarios da Facenda estatal, autonómica e local.

Práctica Tributaria impartirase no segundo cuadrimestre do primeiro curso académico.

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B1	Capacidade de aprender de forma autónoma
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo
B6	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C1	Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
C13	Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
D1	Capacidade de síntese e análise.
D2	Capacidade de xestión da información
D3	Capacidade de organizar e planificar.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolver correctamente problemas xurídico-tributarios que se presentan na práctica profesional.	A1 A2 A3 A4 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C10 C13 D1 D2 D3
Adquirir os coñecementos prácticos necesarios para a correcta aplicación dos tributos, a revisión de actos administrativos en materia tributaria e a competencia xurisdiccional nos actos tributarios da Facenda estatal, autonómica e local.	A1 A3 B1 B5 C1 C2 C3 D2 D3

## Contidos

Tema	
I.- PROCEDEMENTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS. IMPLICACIÓNS TRIBUTARIAS DOS NEGOCIOS XURÍDICOS.	1. Especialidades dos procedementos administrativos en materia tributaria. 2. O procedemento de xestión tributaria. A proba. 3. O procedemento de inspección tributaria. 4. O procedemento de recadación tributaria.
II.- REVISIÓN DE ACTOS TRIBUTARIOS EN VÍA ADMINISTRATIVA E ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA.	1. A revisión de oficio de actos administrativos tributarios. 2. A revisión de oficio de actos administrativos tributarios previo recurso. O recurso de reposición. 3. As reclamacións económico-administrativas.
III.- A XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA EN MATERIA TRIBUTARIA: A COMPETENCIA XURISDICCIONAL NOS ACTOS ADMINISTRATIVOS TRIBUTARIOS DA FACENDA ESTATAL, AUTONÓMICA E LOCAL.	1. Cuestión previa: as taxas xudiciais. Deveno, liquidación e impugnación. 2. O control xudicial da actividade da Administración tributaria. A facultade revisora dos órganos xurisdiccionais. 3. A competencia dos órganos da xurisdición contencioso-administrativa en materia tributaria. 4. A suspensión en vía contenciosa do acto impugnado. 5. A execución de sentenzas condenatorias da Administración tributaria. 6. A extensión dos efectos de sentenzas en materia tributaria.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	22	51	73
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Nos Seminarios seguirase a metodoloxía do caso.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Seminario	Atenderanse e resolveranse as dúbidas do alumnado respecto das actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
-----------	--

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Nos "Seminarios" das clases presenciais propoñeráse aos alumnos a realización de distintas actividades: resolución de casos prácticos, exposición oral dun tema ou estratexia de defensa dun cliente, etc. Para tal efecto, e como sistema de avaliación continua, valorarase especialmente a participación activa do alumno nas devanditas actividades, o que representará o 20% da súa cualificación final.	20	A1 B1 C1 D1 A2 B2 C2 D2 A3 B5 C3 D3 A4 B6 C10 C13
Exame de preguntas obxectivas	A proba final, que representa o 80% da nota, constará de dúas partes: unha proba tipo test (40% da nota) e a resolución dun ou varios casos prácticos (40% da nota).	40	A2 B2 C1 A3
Resolución de problemas e/ou exercicios	Parte da proba final, que representa o 40% da nota, orientada a verificar a adquisición de destrezas e competencias polos alumnos á hora de resolver casos prácticos.	40	A1 B1 C1 D1 A2 B2 C2 D2 A3 B5 C3 D3 A4 B6 C10 C13

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para ter dereito a ser avaliado polo sistema de avaliación continua, o alumno deberá asistir, polo menos, a un 75% das clases presenciais.

- Primeira oportunidade de exame:

1.- Os alumnos que se someten a avaliación continua serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: resultado da avaliación continua (20%), proba tipo test (40%), proba práctica relativa ao estudo de casos (40%).

2.- Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade polo resultado obtido nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia.

- Segunda oportunidade de exame:

1.- No exame de xullo os alumnos que se sometesen ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtivesen no curso.

2.- Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade polo resultado obtido nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

GARCÍA BERRO, F., **Procedimientos tributarios y derechos de los contribuyentes en la nueva Ley General Tributaria**, 1ª ed., Marcial Pons, 2004

SÁNCHEZ BLÁZQUEZ, V.M. (Coordinador), **Procedimientos tributarios: teoría, cuestiones prácticas, jurisprudencia, doctrina administrativa, Tomo I**, 1ª ed., Civitas Thomson-Reuters, 2010

SIMÓN ACOSTA, E. Y OTROS, **CÓDIGO TRIBUTARIO**, 27ª ed., Aranzadi, 2020

BANACLOCHE PALAO, C., CHICO DE LA CÁMARA, P. Y GALÁN RUIZ, J., **Tributación de los abogados**, 1ª ed., Thomson-Aranzadi, 2008

VV.AA., **Memento práctico procedimientos tributarios 2020-2021**, 1ª ed., Francis-Lefebvre, 2020

VV.AA., **Todo Fiscal 2020**, 1ª ed., Francis-Lefebvre, 2020

PELÁEZ MARTOS, J.Mª. Y GUAITA GIMENO, J.J. (COORDINADORES), **Todo Procedimiento Tributario 2019-2020**, 1ª ed., Tirant lo Blanch, 2019

VV.AA., **Memento IRPF 2020**, 1ª ed., Francis-Lefebvre, 2020

VV.AA., **Memento Impuesto sobre Sociedades 2020**, 1ª ed., Francis-Lefebvre, 2020

VV.AA., **Memento IVA 2020**, 1ª ed., Francis-Lefebvre, 2020

GALIANO ESTEVAN, J., **Todo Sucesiones 2020**, 1ª ed., Ciss, 2020

JUÁREZ GONZÁLEZ, J.M., **Todo Transmisiones 2020**, 1ª ed., Ciss, 2020

#### **Bibliografía Complementaria**

MERINO JARA, I. (DIR.), **Estudios sobre la reforma de la Ley General Tributaria**, 1ª ed., Huygens, 2016

GÓMEZ-ACEBO SOLAR, R. Y FAYOS COBOS, C., **Jurisprudencia Tributaria Práctica**, 10ª ed., Ciss, 2020

GÓMEZ-BARRERA, R. Y TEJADA, R., **Práctica Fiscal para Abogados 2020**, 1ª ed., La Ley, 2020

## Recomendacións

---

## Plan de Continxencias

---

### Descrición

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para a materia de Práctica Tributaria planifícanse as seguintes medidas excepcionais:

#### - DOCENCIA:

No caso de que a docencia non se poida desenvolver de maneira presencial por razóns sanitarias, as clases serán impartidas de xeito remoto a través das aulas virtuais e co apoio da plataforma de Teledocencia Faitic.

As clases serán impartidas polos profesores responsables empregando o complemento de Aula Virtual habilitado no remoto Campus da Universidade de Vigo. O profesorado estará dispoñible para apoiar a resolución de dúbidas e as sesións de tutoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia), baixo a modalidade de concertación previa. Para as clases, dende a plataforma Faitic proporcionaráselle ao estudantado unha serie de supostos prácticos cunha semana de antelación que terán que ser preparados pola súa conta para a sesión correspondente. A través da aula virtual o profesor levará a cabo unha explicación dos supostos prácticos plantexados e farase unha posta en común entre o profesor e os alumnos para establecer as pautas de solución, o que permitirá verificar a adquisición das habilidades correspondentes e a asimilación de contidos.

A avaliación continua realizarase de acordo co disposto na guía docente e o cronograma, establecendo como medios para avaliar as competencias do alumnado as actividades descritas a continuación. As entregas dos casos prácticos indicados faranse ao profesor responsable e valoraranse para os efectos da cualificación da avaliación continua, de acordo co disposto na guía docente. Así mesmo, para a avaliación continua valorarase a participación activa e de calidade do alumnado, segundo o establecido na guía docente.

#### - EXAME:

Cando as razóns sanitarias impidan a celebración dos exames de forma presencial, o exame final realizarase segundo o establecido na guía docente e constará de: 1) Un exame tipo test para o que se utilizará a plataforma Faitic cun sistema de tempo controlado que garanta que o traballo se realice individualmente e 2) Un exame práctico por escrito para o que se utilizará a plataforma Faitic. O profesorado estará a disposición do alumnado na aula virtual durante a realización do exame. A avaliación continua e os exames realizados ponderaranse na nota final segundo o establecido na guía docente da materia.